



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA DEZ DE AGOSTO DE 2010.**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. ANGEL LOPEZ SUEIRO.

### **CONCELLEIROS:**

DNA. M. JOSEFA COBELO MOREIRA

DNA. JOSEFA FINA SECO VILAR.

D. FERNANDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ.

DNA. EVA MARIA FRAGA SANMARTIN.

D. FERNANDO VILAR DÍAZ.

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO.

D. JUAN PUENTES CALVO .

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás doce horas do día dez de agosto de dous mil dez baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. ANGEL LOPEZ SUEIRO, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA VINTE E CATRO DE XUÑO DE DOUS MIL DEZ. ACORDO QUE PROCEDA.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e catro de xuño de dous mil dez.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, manifesta que na páxina 17 da acta na moción referente á declaración de municipio turístico no parágrafo final debe dicir "que se entende polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que polos Concelleiros/as do Pleno nese intre non se soberan os dereitos e obrigas da declaración do Concello da Capela, como municipio turístico".

## **2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/2010. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos nº1 /2010 que contempla suplementos de crédito por importe de 90.304,06€ nas partidas 2010.4.61, (45.903,90€), referente ó Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial nº 177/2010, para a realización da obra "Pavimentación de vías municipais, As Neves-Fornelos, Xasén de Baixo, Xasén de Riba e A Teixeira", e na partida 2010.3.68 (44.400,16€), referente ó Convenio de Colaboración coa Deputación Provincial para a adquisición de miniexcavadora compacta hidráulica, nº 178/2010.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise por qué non se inclúen na modificación de créditos presentada ó Pleno as partidas referentes a obras no campo de fútbol e no pavillón dos Calzados que sí foron aprobadas pola Deputación Provincial; manifesta que falla planificación do equipo de goberno, xa que as dúas partidas, obxecto de suplemento incrementáanse significativamente.

Do mesmo xeito pregunta que no Plan complementario ó POS 2010 figuraba o proxecto de asfaltado do camiño a Fornelos, cun orzamento de 33.598,70 € e agora volve a incluírse neste Convenio de colaboración que ten un importe de 45.903,90€ , así pois plantexa cal é a cifra que se prevé neste convenio para investir en Fornelos en Xasén e na Teixeira.

Polo Secretario do Concello maniféstaselle desde un punto de vista técnico que a obra complementaria do POS quedou anulada ó non haber baixa na adxudicación da obra principal, do mesmo xeito facilitáanse as cantidades que figuran na memoria técnica do Convenio a investir nos mencionados camiños.

Sendo as doce horas quince minutos intégrase ó Pleno a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dña. Eva María Fraga Sanmartín.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, dise que cando se fagan os asfaltados dos camiños hai que establecer máis control e vixilancia sobre os traballos que realizan as empresas e tentar de que os camiños non queden cada vez máis estreitos.

Pregunta ademáis ¿cando se lle vai poñer a rede ó campo de fútbol, e para que se vai utilizar a pala que se vai mercar?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que a rede vaise poñer antes de que se inicie a liga e que a pala vai ser de enorme utilidade nas zanxas, cunetas, etc, xa que vai contrar con retroexcavadora.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión adoptan o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 1/2010, do vixente orzamento, debendo aplicarse as cantidades propostas ás partidas que se reflexan no expediente de referencia, coas modificacións acordadas o resumo do orzamento de gastos por capítulos queda fixado da seguinte maneira:

CAPITULO	Consignac. Inicial	Exp. Incorporación Remanentes	Financiación Remanente Líquido de Tesourería	Suplementos de crédito	Total Consig. resultante
I.- Gastos de Persoal	498.346,51€				498.346,51€
II.- Gastos en Bens correntes	466.837,08€	1.530,55€			468.367,63€
III.- Gtos financeiros	2.700€				2.700,00€
IV.- Transf. Correntes	36.000,00€				36.000,00€
VI.- Investimentos Reais	221.551,54€	367.370,59€		90.304,06€	679.226,19€
VII.- Transf. de Capital	0,00€				0,00€
VIII.- Activos Financieros	0,00€				0,00€
IX Pasivos Financieros	14.564,87€				14.564,87€
<b>TOTAL</b>	<b>1.240.000,00€</b>	<b>368.901,14€</b>		<b>90.304,06€</b>	<b>1.699.205,20€</b>

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ó público no BOP, e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles ós efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamación contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva do anuncio no BOP.

### **3.- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008-2011. ANUALIDADE 2011. INCLUSIÓN DE OBRA. ACORDO QUE PROCEDA.-**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta da Alcaldía referente á inclusión de obra no Plan de Cooperación cos Concellos 2008-2011, anualidade 2011 da Deputación Provincial da Coruña, que contempla a inclusión da obra denominada "Ampliación da Rede Municipal da auga a Vilarón, Os Picos, O Pazo e Gunxel", cun orzamento total que ascende á cantidade de 153.141,96€ iva engadido, dos cales 145.614,64 son de aportación provincial e 7.527,32 de aportación municipal .

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández dise que vota en falla información mais polo miúdo do asunto, así como dos criterios que se seguiron para propoñer a inclusión desta obra (poboación, consumo, etc); de tódolos xeitos manifesta D. José Seco Fernández que considera prioritario que o Colexio e a Piscina teñan auga do abastecemento municipal polo cal deberían incluírse neste proxecto.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, dise que o proxecto lle parece ben, pero que hai que pensar en que San Boulo e Cabalar teñan auga tamén.

Polo Sr. Alcalde-presidente dise que hai que pensar en tódolos veciños pero hai que establecer ó mesmo tempo prioridades.

Toma a palabra de novo o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que o seu grupo quere votar a favor do presente asunto, pero que é prioritario que o Colexio a Piscina teñan auga do abastecemento municipal de auga.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, respóndaselle que o concello o que está a facer agora son as redes xerais e que as secundarias faranse máis tarde.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, maniféstase que ninguén debe ter dúbida de que o Colexio vai a quedarse sen auga do abastecemento, e que con respecto á piscina municipal, sae moito máis barato captala do propio pozo da piscina.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, remata a rolda de intervencións manifestando que o Concello debe acordarse dos nenos do colexio.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación, por maioría de votos ( 7 votos a favor dos Sres concelleiros/as dos Grupos Municipais do P. S. de G- PSOE, Terra Galega, e Mixto - BNG, e 2 votos en contra do Sr. /Sra. concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular), adopta o seguinte acordo:

1º) Participar no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
"Ampliación da rede municipal de abastecemento de auga a Vilarón, Os Picos, O Pazo e Gunxel"	153.141,96€	7.527,32€	143.019,01€
			2.595,63€ *
<b>TOTAL</b>	<b>153.141,96€</b>	<b>7.527,32€</b>	<b>145.614,64€</b>

\* Diferencia IVE 16 - 18 %

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) Para o financiamento do importe da chega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no casos de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

6º) Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

#### **4.- REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DA CAPELA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.-**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da proposta para a aprobación do regulamento do Servizo Municipal do Abastecemento de auga potable do Concello da Capela, que se trata dun paso máis para a posta en servizo a primeiros do ano que ven do abastecemento de auga neste concello, sinala que o regulamento xa foi estudiado polo miúdo nunha reunión de voceiros que se convocou ó efecto.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, maniféstase que o regulamento xa foi debatido dabondo na reunión de voceiros convocada a semana pasada.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, maniféstase que se debera contemplar no regulamento que as obras que teñan que realizar os propietarios de vivendas antigas para adaptalas ó abastecemento da auga deberían estar exentas de taxa.

Faise unha observación polo secretario do Concello no sentido de que tal cuestión máis que contemplala no regulamento do abastecemento, de facerse debe incluírse no imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO).

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o regulamento do Servizo municipal do "Abastecemento de auga potable", do Concello da Capela.

2º.- Expoñer ó público o mencionado acordo de aprobación do Regulamento polo prazo mínimo de trinta días, ós efectos de reclamacións e suxerencias.

3º.- De non presentarse reclamacións ou suxerencias ó acordo inicial de aprobación elevarase automaticamente a definitivo.

Seguidamente o pleno da Corporación toma razón da seguinte declaración institucional asinada polos voceiros de tódolos grupos con representación municipal, e que copiada literalmente di:

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DA CAPELA Ó RESPECTO DO RD 134/2010, DE RESTRICIÓN POR GARANTÍA DA SUBMINISTRACIÓN.**

"Os Grupos políticos con representación neste Concello da Capela, provincia da coruña, PS de G- PSOE, PP, TERRA GALEGA e BNG, presentan a seguinte declaración institucional:

"As centrais térmicas de Meirama (Cerceda) e As Pontes teñen importantes paradas de produción dende finais do ano 2009. Isto débese, por unha banda, á caída da demanda e, por outra, ó incremento de produción mediante enerxías renovables. Esta situación de non funcionamento agravaríase e prolongaríase pola entrada en vigor do RD de restrición por garantía da subministración (Decreto do carbón) que primaría ás centrais que consomen carbón nacional fronte as que consomen carbón de importación.

As ditas paradas das centrais térmicas de Cerceda e As Pontes teñen importantes efectos sobre o tecido produtivo da zona, provocando nalgúns casos o peche de empresas locais e noutros a presentación de EREs para poder paliar a situación.

Unha clara mostra esta situación, dificilmente sostible, ponse de manifesto observando a diminución do volume de negocio xerado no contorno con respecto ó que se produciría si se encontrasen en funcionamento.

Podemos decir que o funcionamento normal das dúas plantas supoñen un consumo de carbón da orde de **5.500.000 Tm** (1.500.000 Tm en Cerceda e 4.000.000Tm nas Pontes), cuxo transporte se fai dende o Porto da Coruña e o Porto exterior de Ferrol respectivamente. Polo feito de non producirse este

movemento de carbón pódese estimar unha caída da actividade económica da orde de **40 millóns de euros /ano** (11,4 M. no caso de Cerceda e 28,6 M. no das Pontes).

Outras actividades que se realizan nas instalacións e teñen unha repercusión directa sobre o mantemento do nivel de emprego na área de influencia das centrais, afectando incluso ós ingresos da Administración autonómica e a local, contratación con empresas externas, impostos e subministracións supoñen un importe superior ós **60 millóns de euros /ano**.

Polo tanto, o total do volume económico perdido (de máis de **100 millóns de euros /ano**) resulta suficientemente indicativo da importancia do funcionamento das centrais térmicas de Meirama e As Pontes sobre as economías locais, sen perder de vista que xeran un índice de ocupación externo da orde dos **2.000 postos de traballo/ano** (directos e indirectos) nas empresas que subministran e prestan servizos nas instalacións das centrais e as súas auxiliares. Ó que habería que engadir o alto nivel de emprego de persoal propio nas centrais, a maioría do cal reside nas zonas.

Definitivamente, si finalmente entrase en vigor o real decreto citado sen ter en conta as peculiaridades da Comunidade Autónoma Galega, esta situación de non funcionamento das centrais térmicas de Cerceda e As Pontes, coas súas perdas, prolongaríase durante cinco anos máis, ata o 2014, e implicaría un golpe definitivo ó desenvolvemento económico dos concellos de Cerceda e As Pontes e as súas comarcas, do que sería moi difícil recuperarse."

Polo que, dende o Concello da Capela se fai a seguinte

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Os membros da corporación do Concello da Capela, reunidos en pleno, solicitan:

1.- O mantemento do emprego directo nas instalacións termoeléctricas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos ciclos combinados radicados en Galicia.

2.- O mantemento da industria auxiliar dependente das ditas instalacións e actividade portuaria de Ferrol e A Coruña.



3.- O mantemento do nivel de actividade á competitividade necesario das instalacións co fin de darlle robustez e fiabilidade ó sistema eléctrico español.

4.- Que se teñan en conta as peculiaridades da Comunidade Autónoma Galega e as repercusións socioeconómicas negativas que a entrada en vigor do dito RD tería para As Pontes, Cerceda e as súas comarcas.

5.- Que se lles compense ás respectivas empresas por dispoñibilidade garantindo un mínimo de hora anuais co fin de manter o emprego e a actividade económica.

6.- Co fin de facer efectivos os apartados anteriores, que se garanta un mínimo do 8% da cota de produción estatal ó carbón de importación, co fin de manter o emprego e a actividade económica tanto nas Pontes como en Cerceda e tamén Sabón.

Asinado polo voceiro do P S de G-PSOE, D. Angel López Sueiro, polo voceiro do Partido Popular, D. José Seco Fernández, polo voceiro de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, e polo Bloque Nacionalista Galego, D. Juan Puentes Calvo.


E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas corenta e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

A circular official seal of the town of As Pontes de García Rodríguez is partially visible behind the signature. The seal contains the text 'CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ' and '1981'.

Asdo.: Angel López Sueiro.

**O Secretario,**

A circular official seal of the town of As Pontes de García Rodríguez is partially visible behind the signature. The seal contains the text 'CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ' and '1981'.

Asdo.: José A. Meizoso Paz.